

MULLERES QUE TRANSFORMAN REALIDADES

BASES PREMIO

“ELVIRA BAO

MACEIRAS”



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña



8 DE MARZO,
DÍA INTERNACIONAL DAS MULLERES
A CORUÑA, 2017

OBXECTO

O Concello da Coruña, con motivo do Día Internacional das Mulleres, decidiu incluír o 8 de Marzo entre os días de festa local, trasladando á cidadanía un convite aberto a vivilo nesta dupla dimensión, a festiva e a vindicativa. Con esta convocatoria pretendemos facer visible que os dereitos das mulleres forman parte da historia inacabada e incompleta dos dereitos humanos.

Coa creación do **Premio “Elvira Bao Maceiras”**, ábrese unha liña de acción institucional para restituirmos a memoria e recoñecermos as contribucións das mulleres á historia e ás realidades presentes desta cidade. Este premio nace coa vocación de rescatar da historia oculta, da invisibilidade, os saberes e os traballos de moitas mulleres, facendo emerxer e poñendo en valor as súas contribucións. Trátase dunha cuestión de xustiza social e de xustiza de xénero necesaria para avanzarmos cara a un municipio en igualdade.

PARTICIPANTES

Poderán concorrer a este premio persoas físicas maiores de idade - xa sexa de forma individual ou colectiva-, así como empresas, institucións ou entidades sen ánimo de lucro que desenvolvan un traballo activo no municipio da Coruña.

A participación nesta I edición supón a aceptación das persoas participantes ás presentes bases.

FINALIDADE DO PREMIO

Poderanse presentar traballos finalizados e, ou en curso, que teñan como **obxectivo**:

- Promover o coñecemento, a participación e a presenza das mulleres e das súas contribucións na historia da cidade e nos diversos ámbitos da sociedade.
- Contribuír ao recoñecemento, ao valor social e/ou económico das experiencias das mulleres da Coruña en diversos ámbitos de creación, xa sexa como autoras, produtoras, directoras e/ou protagonistas.
- Dar visibilidade e recoñecemento a mulleres traballadoras, profesionais, creadoras, artistas e/ou intelectuais, deportistas e activistas vinculadas á cidade da Coruña e cuxas contribucións sexan de interese pola súa capacidade transformadora da realidade social.
- Impulsar a creación artística e cultural potenciadora da reflexión e crítica feminista.

CARACTERÍSTICAS DOS TRABALLOS

As propostas de creacións e/ou proxectos que se presenten a este premio terán que ter as **seguintes características**:

- Ser inéditas e non obter premios ou accésitos noutras convocatorias, certames ou concursos.
- Estar en proceso de desenvolvemento e/ou xa finalizadas no momento de presentación a esta convocatoria.
- Ter a capacidade de materializarse en accións concretas ou nun produto intelectual ou tangible unha vez finalizado o proceso de investigación e/ou creación.
- Estar escritas en galego, para aqueles traballos narrativos, literarios, de investigación, audiovisuais ou calquera outro formato no que se presenten.
- Usar unha linguaxe inclusiva na súa redacción, así como imaxes non estereotipadas nin sexistas.

CATEGORÍAS, PREMIOS E DOTACIÓN

Poderán concorrer a este premio traballos finalizados e/ou proxectos en curso nalgunha das seguintes **categorías**:

Investigación

A esta categoría poderán presentarse traballos que sexan resultados de procesos sistematizados de indagación, recompilación de datos e de feitos, así como o tratamento da información conseguida orientados a obter novos coñecementos sobre as contribucións das mulleres na historia sociocultural e/ou económica da Coruña.

Produción de obra

A esta categoría poderán presentarse os proxectos fundamentados de creación artística, material ou intelectual, en calquera soporte e formato, que contribúan a facer visible e dar a coñecer os traballos realizados por mulleres, desde unha perspectiva histórica e/ou contemporánea.

En cada categoría estableceranse **2 premios**:

* Premio do xurado ao mellor proxecto ou traballo finalizado: 5.000 euros

* Premio do público ao mellor proxecto ou traballo finalizado: 2.500 euros

Os premios quedarán sometidos ás retencións fiscais conforme a lexislación vixente.

Cada proxecto ou traballo presentado só

poderá optar a unha categoría, e só pode ser presentado un único traballo por persoa ou grupo de persoas autoras a esta I edición.

O premio do xurado e o premio do público non poderán recaer sobre un mesmo proxecto ou traballo presentado, e tampouco poderán os premios ser distribuídos entre varias candidaturas, pero o xurado poderá decláralos desiertos. Non poderá haber posibilidade de empate en ningunha das categorías.

No caso de que se presente un traballo realizado por varias persoas autoras, entenderase que a presentación é conxunta e o importe do premio será repartido entre eles a partes iguais.

A entrega dos premios Elvira Bao Maceiras realizarase nun acto público que terá lugar nunha data próxima ao 10 de decembro, Día Internacional dos Dereitos Humanos. A data, o lugar e a hora anunciaranse oportunamente e poderanse consultar na web do Concello.

XURADO E TRABALLOS NON PREMIADOS

O premio do xurado outorgarase por unha comisión de valoración presidida pola concelleira de Igualdade e Diversidade e da que formarán parte catro profesionais de recoñecido prestixio: un/unha do eido académico especialista en estudos de xénero e dereitos das mulleres, e tres pertencentes aos eidos da produción e creación cultural, artística, audiovisual e intelectual da cidade. A Secretaría do xurado será exercida por unha funcionaria da Concellería de Igualdade e Diversidade.

Corresponde á presidenta dirixir e ordenar as deliberacións e votacións, sendo depositaria do voto de calidade en caso de empate. A funcionaria que exerza as funcións de Secretaría velará polo cumprimento destas Bases.

O nomeamento das persoas que integren o tribunal será realizado por resolución da concelleira de Igualdade e Diversidade, e o seu ditame será publicado e notificado ás persoas gañadoras cunha semana de antelación ao 10 de decembro de 2017.

As deliberacións do xurado serán secretas e a súa decisión inapelable.

O premio do público outorgarase a través dun sistema de votación electrónica que se habilitará na web do Concello da Coruña. Se ocorrer que a maior puntuación do

público recae sobre un mesmo proxecto seleccionado polo xurado, outorgarase o premio do público ao proxecto ou traballo clasificado en segundo lugar, atendendo ás votacións que se realizaren a través da web.

As votacións da cidadanía poderanse realizar cando se pechar o prazo de presentación de traballos e proxectos e ata unha semana antes do 10 de decembro de 2017. Quen quixer participar na votación cidadá terá que se rexistrar previamente na plataforma web do premio Elvira Bao Maceiras. Na web identificarase cada proxecto ou traballo presentado a través da documentación de resumo e a ficha de presentación da candidatura realizada.

Non se farán públicos os nomes das persoas participantes non premiadas.

Os orixinais non premiados serán devoltos ás persoas participantes durante os tres primeiros meses posteriores ao fallo do Xurado, sempre e cando a persoa o persoas autoras así o manifestaran expresamente na súa solicitude de participación.

O Concello poñerá o máximo coidado para a súa conservación, aínda que non será responsable do seu deterioro ou perda fortuíta.

CRITERIOS DE VALORACIÓN

Serán obxecto de atención preferente os traballos e/ou proxectos presentados que teñan relación coa participación das mulleres en actividades non consideradas tradicionalmente como ‘femininas’.

Na valoración dos traballos/proxectos que se presentaren, terase en conta os seguintes criterios, nunha escala de 0 a 10 considerando o 0 como o que menos se axuste ao criterio e o 10 o que máis o faga.

A puntuación máxima que pode recibir un traballo ou proxecto no proceso de valoración é de 10, correspondendo á suma da puntuación obtida pola valoración en base aos criterios xerais, ata un máximo de 5, e a obtida en base aos criterios específicos, ata un máximo de 5:

Criterios xerais, ata un máximo de 5 puntos:

Grao de adecuación ao obxecto e finalidade desta convocatoria: **ata 2 puntos.**

Concreción, calidade, coherencia e viabilidade da produción técnica do proxecto presentado – en caso de proxectos en curso: **ata 1,5 puntos.**
Visibilidade, proxección pública e posible

efecto multiplicador da acción/traballo/proxecto:
ata 1,5 puntos.

Criterios específicos, ata un máximo de 5 puntos:

Aplicación da perspectiva de xénero e, enfoque interseccional, que teña en conta a diversidade das mulleres, a contextualización das desigualdades por factores múltiples relacionados coa identidade de xénero, clase, idade, orixe nacional e/ou étnico e outras diversidades existentes: **ata 1,5 puntos.**

Presenza de mulleres como protagonistas da acción ou proxecto presentado: **ata 1 punto.**

Visibilidade, proxección pública e posible efecto multiplicador da acción/proxecto: **ata 1,5 puntos.**

O uso de prácticas colaborativas e traballo en rede:
ata 1 punto.

PRAZOS E REQUISITOS PARA A PRESENTACIÓN DOS TRABALLOS

Os traballos presentaranse no Rexistro Xeral do Concello da Coruña, de luns a venres en horario de 9.00 a 14.00 horas. O prazo para recibir orixinais concluirá o 8 de novembro de 2017 ás 14.00 horas. Deberá cubrirse unha solicitude xeral por parte da persoa física ou xurídica que se presente. No caso de ser un grupo de persoas a solicitude reflectirá os nomes de todas e unha delas actuará como representante.

Deberá engadirse copia do DNI, NIE ou pasaporte das persoas que se presenten, así como copia dos estatutos no caso de persoas xurídicas, e figurar na solicitude un domicilio aos efectos de notificación, así como un teléfono móbil e correo electrónico de contacto.

Coa solicitude deberá entregarse unha documentación de resumo do traballo que se presenta (máximo 2 páxinas, letra arial 12, espazo interlineal múltiple en 1,15), así como unha ficha de presentación da persoa ou persoas que conforman a candidatura.

A solicitude deberá sinalar se, no caso de que o traballo presentado non resulte premiado, deberá ser obxecto de devolución.

Os traballos en papel, ademais da súa presentación no rexistro, deberán ser enviados en soporte electrónico (.pdf) ao correo igualdadediversidade@coruna.es, xunto coa ficha resumo.

Os traballos que non sexan en papel, ademais da súa entrega no Rexistro, serán enviados en formato electrónico (imaxe, son, etc.) ao mesmo enderezo electrónico.

DEREITOS DE AUTORÍA

As persoas participantes ao presentar os traballos a esta convocatoria garanten que son os lexítimos autores dos mesmos, e que ostentan os dereitos de propiedade intelectual requiridos para a súa presentación con todos os elementos que os compoñen (imaxes, son, artigos, reportaxes, etc.), e que a súa presentación non vulnera dereitos de terceiros. Así mesmo, fanse responsables das reclamacións que puideran formularse en calquera momento sobre a autoría e orixinalidade dos traballos e sobre a titularidade de dereitos, todo elo de acordo coa normativa de propiedade intelectual. O Concello da Coruña non se fai responsable dos prexuízos que puidera ocasionar o incumprimento desta garantía, e poderá exercitar as accións legais oportunas coa fin de reparar os danos e prexuízos ocasionados.

As persoas autoras dos traballos/proxectos que resulten gañadores cederanlle os dereitos de edición e uso sobre a obra premiada, en calquera formato ou soporte e canle coñecida, ao Concello da Coruña, tanto en versión galega como castelá. O uso polo Concello, por sí ou por medio de outra autorizada polo mesmo, reflectirá sempre a sinatura ou recoñecemento ás persoas autoras dos traballos.

PUBLICACIÓN

As presentes bases unha vez aprobadas, así como a acta do Xurado cos nomes das persoas e traballos gañadores de cada categoría serán publicadas na web do Concello, sen prexuízo da súa difusión a través das redes sociais e medios de comunicación locais.

